



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 14 DE NOVEMBRO DO 2019.

ASISTENTES:

<p>Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p>Membros que asisten: D^a. Ana Isabel Ruiz Reiriz D^a. María José Sampedro Fernández D^a. Juana María Brión Santamaría D. Ramón José Doval Sampedro D^a. Ana Isabel Barreiro Rego</p>	<p>Interventor: D. Pablo Bao Castro</p> <p>Secretario Xera: D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p>Membros que non asisten: D. Víctor Reiriz Lampón D^a Elvira Pereira Ageitos</p>
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e corenta minutos do día catorce de novembro do dous mil dezanove, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 17 de xuño de 2019, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Foi aprobada, por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria de data 7 de novembro de 2019.

II.- CONTRATACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 06/11/2019 **“Decreto: Clasificación das ofertas e requirimento de documentación para a adxudicación do contrato servizo de catering para a celebración do “Encontro das persoas maiores 2019””**.

2.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 07/11/2019 **“Decreto: Decreto de corrección de erros do Decreto nº 201911/036 de clasificación das ofertas e requirimento de documentación para a adxudicación do contrato servizo de catering para a celebración do “Encontro das persoas maiores 2019””**.

3.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 13/11/2019 **“Decreto: Aprobación do expediente de contratación das obras de “Modificación y adaptación a la nueva Ley de Contratos del Estado del Protecto de recuperación de la servidumbre de tránsito entre Punta do Laño y Porto Fenicio (Aguño)””**.

IV.- AUTORIZACIÓN DEMANIAIS

Visto o escrito presentado por Sara Martínez Quintano en representación da sociedade **GECKOS, S.C.**, de data 22/10/2019 (Registro de entrada nº 14.813), no que solicita novamente a ocupación temporal da superficie de 15 m² no aparcadoiro sito a carón do IES Nº 1 de Riveira, para a realización de actividade de Escola de Surf desde o 01/11/2019 ata o 30/04/2020.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral, José Martínez de Llano Orosa, de data 12/11/2019, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a ocupación temporal por 6 meses á sociedade **GECKOS, S.C.**, dunha superficie de 15 m² no aparcadoiro sito a carón do IES Nº 1 de Riveira, nos termos da solicitude, para a realización de actividade de Escola de Surf, desde o 01/11/2019 ata o 30/04/2020.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.





V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Vistos os escritos presentados por Juan Antonio Millán Figueirido en representación de **Construcciones y Reformas Tubisan, S.L.**, de datas 10/07/2019, 31/07/2019, 02/10/2019 e 31/10/2019 (Rexistros de entrada nº 9.967, 10.878, 13.832 e 15.333), nos que solicita licenza de obras para reforma e ampliación de vivenda unifamiliar de planta baixa e planta primeira, sita no Lugar de Coroso, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A007001910000KK.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, e ao informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, con sinatura dixital o día 2 de outubro de 2019, visto o informe técnico favorable emitido pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira o día 4 de novembro de 2019, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 13/11/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER á entidade Construcciones y Reformas Tubisan S.L. **LICENZA DE OBRAS (Nº 43/19)** para **REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA**, sita na Lugar de Coroso, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A007001910000KK nos termos do Proxecto Básico de xullo de 2019, Proxecto Básico Modificado de setembro de 2019 redactado polo Sr. Juan Antonio Millán Figueirido, (arquitecto col. nº 3.183):

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.*
- *Deberá depositar **unha fianza nas arcas municipais de 3.195,00 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza**, segundo informe da enxeñeira municipal para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar.*
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde** co preceptivo visado colexial.*

SEGUNDO.- A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).





CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarse con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*



FIRMANTE - FECHA





- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.





- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Visto o escrito presentado por **Teresa M. Pérez Rivas**, de data 24/10/2019 (Rexistro de entrada nº 15.002), no que solicita información urbanística de parcela sita en Rúa Fafián (Riveira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Aparellador Municipal, Jesús García Ramos, de data 11/11/2019, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar á solicitante como segue:

Ref. catastral: 0611510NH010S0001UX
Categoría Solo: Urbano non consolidado

El Plan General de Ordenación municipal de Riveira fue aprobado definitivamente en sesión plenaria de fecha 17/12/2002.

La ley 2/2016 de 10 de Febrero, del Suelo de Galicia establece en su disposición transitoria primera que en los Ayuntamientos con planeamiento aprobado definitivamente con anterioridad a la entrada en vigor de la ley 2/2016 de 10 de Febrero y no adaptado a la Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia, este conservará su vigencia hasta su revisión o adaptación a la misma, conforme a las siguientes reglas:

Al suelo urbano no consolidado se le aplicará lo dispuesto en la ley 2/2016 de 10 de Febrero, del Suelo de Galicia para el suelo urbano no consolidado.

Artículo 21. Deberes de los propietarios de suelo urbano no consolidado.

En el suelo urbano no consolidado, definido en el artículo 17.b), apartados 1 y 2, los propietarios tienen los siguientes deberes:

a) Ceder obligatoria y gratuitamente al ayuntamiento el suelo destinado al sistema local de espacios libres, zonas verdes y equipamientos, y a la administración titular correspondiente, el destinado a viales.

b) Ceder obligatoria, gratuitamente y sin cargas a la administración municipal el suelo necesario para la ejecución de los sistemas generales que el plan general incluya o adscriba al polígono en el que estén comprendidos los terrenos, así como ejecutar la urbanización únicamente de los incluidos en el polígono en las condiciones que determine el plan.





c) Costear y, en su caso, ejecutar o completar las obras de urbanización del polígono, así como las conexiones con los sistemas generales existentes, en los plazos establecidos por el planeamiento.

d) Ceder obligatoria, gratuitamente y libre de cargas al ayuntamiento el suelo correspondiente al 10 % del aprovechamiento tipo del área de reparto. La Administración no tendrá que contribuir a las cargas de urbanización correspondientes de esos terrenos, que habrán de ser asumidas por los propietarios.

e) Garantizar el realojo de los ocupantes legales que se precise desalojar de inmuebles ubicados en el área de la actuación y que constituyan su residencia habitual, así como el retorno cuando tengan derecho al mismo, en los términos establecidos en la legislación vigente.

f) Proceder a la distribución equitativa de los beneficios y cargas del planeamiento con anterioridad al inicio de su ejecución material.

g) Edificar los solares en el plazo establecido.

2. En el suelo urbano no consolidado en que sean necesarias actuaciones de dotación, los deberes anteriores se exigirán con las siguientes salvedades:

a) El deber de cesión al ayuntamiento obligatoria, gratuitamente y sin cargas del suelo correspondiente al aprovechamiento urbanístico que le corresponda se determinará atendiendo sólo al incremento de edificabilidad media ponderada que, en su caso, resulte de la modificación del instrumento urbanístico, pudiendo cumplirse, en su caso, mediante la sustitución de la entrega de suelo por su valor en metálico, con la finalidad de costear la parte de financiación pública que pudiese estar prevista en la propia actuación, o integrarse en el patrimonio público del suelo, con destino preferente a actuaciones de rehabilitación o de regeneración y renovación urbanas.

b) El deber de entregar a la Administración el suelo para dotaciones públicas relacionado con el reajuste de su proporción podrá sustituirse, en caso de imposibilidad física de materializarlo en el ámbito correspondiente, por la entrega de superficie edificada o edificabilidad no lucrativa en un complejo inmobiliario ubicado dentro del mismo.

3. Con independencia de lo establecido en los apartados anteriores, con carácter excepcional y siempre que se justifique adecuadamente que no cabe ninguna otra solución técnica o económicamente viable, los instrumentos de ordenación urbanística podrán eximir del cumplimiento de los deberes de nuevas entregas de suelo que les correspondieran a actuaciones sobre zonas con un alto grado de degradación e inexistencia material de suelos disponibles en su entorno inmediato.

La misma regla podrá aplicarse a los incrementos de la densidad o edificabilidad que fueran precisos para sustituir la infravivienda por vivienda que reúna los requisitos legalmente exigibles, con destino al realojo y al retorno que exija la correspondiente actuación.

4. No podrá ser edificado ni parcelado ningún terreno que no reúna la condición de solar, salvo que se asegure la ejecución simultánea de la urbanización y de la edificación mediante aval que deberá alcanzar el coste estimado de las obras de urbanización y las demás garantías que se determinen reglamentariamente.

Artículo 89. Usos y obras provisionales.

1. No obstante la obligatoriedad de la observancia de los planes, podrán autorizarse usos y obras de carácter provisional en suelo urbano no consolidado, suelo urbanizable y



FIRMANTE - FECHA





terrenos afectados a sistemas generales en tanto no se inicie el procedimiento de gestión correspondiente, siempre que no estuvieran expresamente prohibidos por el planeamiento general ni por la legislación sectorial.

2. Los usos y obras provisionales deberán cesar y derribarse cuando lo hubiera acordado el ayuntamiento, sin derecho a indemnización. La autorización aceptada por el propietario se hará constar bajo las indicadas condiciones en el registro de la propiedad. Las obras ejecutadas para usos provisionales habrán de ser las mínimas imprescindibles para permitir unas instalaciones fácilmente desmontables. No se admiten como usos provisionales los residenciales ni los industriales.

VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓN.

1.- Visto o informe/proposta emitido pola Directora do **Obradoiro de Emprego "O Pote"**, M^a Almudena Basoco mariño, de data 06/11/2019, no que propón a aprobación dos días festivos estatais, autonómicos, locais –non laborais por Convenio Colectivo da entidade promotora-, así como os períodos vacacionais acordados polo persoal o Obradoiro de Emprego "O Pote" para o curso formativo e de traballo 2019-2020.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar os días festivos estatais, autonómicos, locais –non laborais por Convenio Colectivo da entidade promotora-, así como os períodos vacacionais acordados polo persoal o Obradoiro de Emprego "O Pote" para o curso formativo e de traballo 2019-2020, según o contido do citado informe/proposta.





ACHEGA CONCEDIDA A CONFRARÍA DE PESCADORES DE CARREIRA E AGUIÑO (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Dinamizadora do Centro de Interpretación de San Roque, Sandra Fernández Gómez, de data 08/10/2019, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a Confraría de Pescadores de Carreira e Aguiño para a organización da XXII Festa do Percebe de Aguiño.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 13/11/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a Confraría de Pescadores de Carreira e Aguiño para a organización da XXII Festa do Percebe de Aguiño; resultando o seu importe: 12.000,00 €.

APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIVEIRA E O CLUB NÁUTICO DEPORTIVO DE RIVEIRA.

VISTA a proposta presentada pola Concelleira de Educación, Xuventude e Deportes, Juana Brión Santamaría, de data 12/11/2019, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e o Club Náutico Deportivo de Riveira.

VISTO que o obxecto do devandito convenio é para a organización e colaboración na campaña de vela 2019.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 13/11/2019.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Riveira e o Club Náutico Deportivo de Riveira; cunha consignación por importe de 2.500,00 € na aplicación orzamentaria 341.48003 en concepto de subvención.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.





ARQUIVO DE EXPEDIENTE DE RENDA SOCIAL MUNICIPAL (BENEFICIARIO/A: XXXXXXXX XXXXX XXXXX).

Visto o informe da Traballadora Social, María del Pilar García Sampedro, de data 07/11/2019, relativo ao **arquivo e remate do expediente de Renda Social Municipal** da que é beneficiaria XXXXXXXX XXXXX XXXXX, concedido por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 04/07/2019, hoxe en proceso de suspensión temporal, según solicitude da Traballadora Social, María del Pilar García Sampedro, de data 04/11/2019.

Visto que no citado informe se sinala que:

- *Comezou a desenvolver actividade laboral nunha conserveira da zona, aporta copia do contrato despois de solicitárllela dende os servizos sociais.*
- *O salario que percibe é incompatible e de contía superior á prestación concedida. Segundo o artigo 11 da Ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción social, debido a que na data de concesión declara que carecer de todo tipo de ingresos concedese a contía íntegra (establecida para a RISGA).*
- *Segundo o artigo 15 da Ordenanza R.M.A. á I. Social en vigor, xa non se manteñen as causas que motivaron a concesión de devandita prestación.*

A Xunta de Goberno Local, da documentación que consta no expediente, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Aprobar o arquivo e remate do expediente de Renda Social Municipal** da que é beneficiaria XXXXX XXXX XXXX
- Dar traslado deste acordo aos departamentos dos servizos sociais comunitarios así como aos servizos económicos municipais.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta e cinco minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde
Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral
Juan Manuel Salguero del Valle

